

## MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR PARA PROCEDER A ILUMINACIÓN DAS SENDAS PEONÍS NAS ESTRADAS AUTONÓMICAS OU-536 E OU-537

### 1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

### 2. Razóns de necesidade e oportunidade

As estradas autonómicas OU-536 e OU-537 constitúen importantes vías de conexión do concello do Pereiro de Aguiar con Ourense.

A Axencia Galega de Infraestruturas realizou nos últimos anos varios treitos de senda peonís en estas estradas autonómicas.

O Concello desexa mellorar a eficiencia enerxética no alumeado público nas sendas peonís das estrada autonómicas OU-536 e OU-537 e propón substituír as luminarias existentes por outras novas, máis eficientes, con tecnoloxía LED e nivel de iluminación regulable e menor potencia, mantendo os niveis de iluminación esixibles para este tipo de infraestruturas e co financiar dita actuación nun 30% do seu importe.

### 3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase dous centos cincuenta e oito mil cincocentos setenta e catro euros con trinta e cinco céntimos **(258.574,35 €)** IVE engadido.

A Axencia Galega de Infraestruturas financiará as obras cun importe máximo de **cento oitenta e un mil dous euros con catro céntimos (181.002,04 €)**, correspondente o 70% do orzamento, con cargo á partida orzamentaria



11.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
2025	90.501,02
2026	90.501,02
TOTAL	181.002,04

#### **4.- Carácter non contractual**

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Pereiro de Aguiar e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

#### **5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público**

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

#### **6.- Xustificación da concesión da subvención**

En aplicación dos principios xerais administrativos de eficiencia e proximidade ao cidadán a instalación realizada será titularidade do Concello de Pereiro de Aguiar que será tamén o responsable do seu subministro eléctrico e da súa conservación, razóns que xustifican a concesión da subvención.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

